

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO INCLÚE (SEGUNDA FASE)

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte:

Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 126/2015, do 4 de outubro, polo que se nomean as persoas titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Doutra parte:

Dña Juncal Blanco Granado, na súa calidade de responsable territorial en Galicia e apoderada de Emaús Fundación Social, segundo poder notarial número 2183 de 31 de outubro de 2006 ante Miguel Ángel Sánchez Ferrer, Notario del ilustre colexio de Pamplona, distrito Donostia-San Sebastián.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

EXPOÑEN

I.- Que, en virtude do establecido no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social,

correspóndelle as competencias correspondentes en materia de benestar e, particularmente, en inclusión social.

II.- Que, o 18 de decembro de 2014 o Consello de goberno da Xunta de Galicia aprobou á Estratexia Galega de Inclusión Social (EIS Galicia 2014-2020), que constitúe o marco de planificación da Xunta de Galicia de medidas de loita contra a pobreza e a exclusión na Comunidade para o período 2014-2020.

III.- Que, os fundamentos da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 revelan a idoneidade de introducir novas cuestións de importancia transversal na abordaxe da pobreza e a exclusión social en Galicia. Así, ademais das xa comprendidas nas anteriores políticas nesta materia, como a igualdade entre mulleres e homes ou a coordinación entre administracións públicas, as entidades de iniciativa social e outros axentes no territorio, que se van seguir potenciando, engádense outras novas orientadas a evitar a transmisión da pobreza entre xeracións a través de novos enfoques e metodoloxías na intervención con persoas e familias, así como a aumentar o coñecemento sobre a inclusión social no noso país, coa fin de mellorar a planificación e execución das diferentes políticas sectoriais.

IV.- A Xunta de Galicia ven de participar e apoiar, mediante un partenariado de carácter institucional, o Proxecto INclúe: innovación para á inclusión social, iniciativa desenvolta no marco do Programa de Cidadanía Activa promovido polo Mecanismo Financiero del Espacio Económico Europeo (EEA Grants) 2009-2014.

V.- O proxecto Inclúe consistiu no deseño e desenvolvemento de instrumentos e metodoloxías de traballo para unha abordaxe efectiva dos procesos de exclusión social e, incluíu, un manual de atención a persoas en situación ou risco de exclusión social (Modelo INclúe), xunto cunha ferramenta tecnolóxica INCLÚE, que facilitará a valoración técnica das situacións de exclusión social con criterios homoxéneos e que sexan susceptibles de ser aplicados polas entidades públicas e privadas que operan no ámbito da inclusión social en Galicia.

VI.- Non obstante, a implementación do Proxecto Inclúe na nosa comunidade esixe que o modelo afronte unha fase de ampliación e adaptación ao contexto galego, de tal forma que poda ser aplicado na práctica diaria polo axentes implicados. Os resultados acadados ata a data non son aplicables directamente, posto que esixen dunha fase que perfeccione a ponderación dos criterios, adaptándoos ao contexto galego e a perspectiva de xénero.

VII.- Por outra banda, a Xunta de Galicia ten previsto, entre outras cuestións, apoiar o desenvolvemento de ferramentas de referencia para a valoración das situacións de vulnerabilidade e exclusión social das persoas e familias, coa finalidade de estender o seu uso entre as entidades públicas e de iniciativa social no marco do fomento dunha intervención de calidade dos servizos sociais e na prevención e abordaxe integral das situacións persoais e familiares de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.

VIII.- Neste senso é de interese para a Xunta de Galicia dar continuidade ao traballo desenvolto na construción da Ferramenta de Valoración INclúe co obxecto de favorecer a valoración técnica da exclusión social con criterios homoxéneos e que sexan susceptibles de ser aplicados polas entidades públicas e privadas que promoven a inclusión social en Galicia.

IX.- Para dar cobertura aos programas de atención as persoas en exclusión ou en risco de padecela, a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020 prevé a utilización dunha variedade de dispositivos de dependencia diversa, tanto no referente á avaliación das persoas como na realización das intervencións sociais que correspondan, polo que a xeneralización dun instrumento común a utilizar por todos os axentes implicados, ten unha especial importancia.

X.- O proxecto, cubre tamén unha necesidade crecente e legal da comunidade autónoma, posto que a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, establece, no seu artigo 3, os criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, onde a consideración de “especial dificultade de integración social ou laboral” dos factores de exclusión que esixe a lei non se atopa actualmente ponderada.

XI.- Por último, considérase que, debido a que o marcado carácter de colaboración que presenta o proxecto, a fórmula administrativa que máis de adecúa é a do convenio, por canto a colaboración financeira da Xunta únicamente se dirixe a sufragar os gastos do proxecto, incluíndo aqueles nos que Emaús Fundación Social únicamente actúa como canalizador de gastos, en especial aqueles vinculados á asistencia de todos os participantes ás reunións pertinentes.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, co fin de actuar conxuntamente no Proxecto Inclúe segunda fase, acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

É obxecto do presente convenio regular o marco de cooperación entre a Consellería de Política Social e Emaús Fundación Social para o desenvolvemento do Proxecto Inclúe, segunda fase.

SEGUNDA: Contido

O proxecto Inclúe, segunda fase consistirá nunha análise técnica dos procesos de exclusión social nas persoas, para obter como resultado unha definición consensuada de exclusión social acompañada dunha análise dos factores que inciden na integración social e laboral das persoas afectadas por ditos procesos na comunidade galega, xunto cunha ponderación destes. Os resultados desta análise e ponderación técnica deberá reflectirse na ferramenta de valoración de base tecnolóxica xa iniciada na primeira fase deste proxecto.

A realización deste proxecto implicará a adquisición do pleno, gratuito e ilimitado dereito de uso do modelo Inclúe e o seu manual, como paradigma metodolóxico e conceptual de avaliación e intervención no eido da inclusión social, e máis

unha licenza ilimitada do código fonte da ferramenta tecnolóxica que o soporta, coa finalidade última de evolucionala e completar o seu desenvolvemento a medida das necesidades do Sistema Galego de Servizos Sociais, conservando Emaús Fundación Social a titularidade do modelo.

TERCEIRA: Aportacións das partes

Emaús Fundación Social, con suxeición á normativa aplicable e aos termos do convenio comprométese a:

- Definición da exclusión social adaptada ao contexto galego, garantindo a participación tanto de entidades implicadas na avaliación e atención das persoas afectadas por ditos procesos como das propias persoas.
- Coordinación, seguimento e control do proxecto que garanta a axeitada evolución do mesmo, trasladando á Xunta de Galicia os avances nos resultados esperados.
- Deseño e implementación do enfoque de xénero.
- Implementar as evolucións, melloras e axustes precisos para adaptar a Ferramenta de Valoración Inclúe ás necesidades do Sistema Galego de Servizos Sociais.
- Testeo por parte de axentes públicos e privados implicados na atención ás persoas afectadas por estes procesos.
- Formación dunha rede de partenariado interinstitucional comprometido coa implementación do Modelo INclúe en Galicia no ano 2017.
- Difundir avances e a evolución do proxecto nas redes sociais e medios de comunicación.
- Subministrar a información que lle sexa requirida para o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

A Consellería de Política Social, pola súa parte, comprométese a:

- Poñer a disposición de Emaús Fundación Social a colaboración dos medios humanos necesarios para a consecución do obxecto deste convenio, en especial, co que respecta a asistencia de persoal

empregado público autonómico ás reunións de carácter técnico que se realicen.

- Apoiar a Emaús Fundación Social na provisión de infraestrutura e equipamento necesarios para a realización do proxecto, tales como salas de reunións e os seus medios, sempre que estes estean dispoñibles.
- Realización de accións de difusión, comunicación e publicitarias relativas ao programa, que, en todo caso, se realizarán de forma consensuada por ambas partes.

CUARTA: Orzamento e financiamento

Para a realización do Proxecto Inclúe, segunda fase a Consellería de Política Social achegará a cantidade de cincuenta e seis mil euros (56.000.- euros) con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.313C.640.1, cubrindo os seguintes gastos:

Gastos de Persoal a cargo de Emaús Fundación Social, os cales incluírán tanto a coordinación e xestión do proxecto como a xestión e análise de contidos..... 28.100,00 €.

Gastos en viaxes e estancias, onde un importe de 1.500,00 € corresponderanse con gastos de desprazamentos das entidades colaboradoras sendo o importe restante destinado a sufragar aqueles que correspondan á Emaús Fundación Social: 3.700,00 €

Gastos da ferramenta informática: 15.500,00 €.

Gastos de comunicación e mantemento da web: 2.700,00 €.

Gastos indirectos directamente relacionados co proxecto(aluguer, luz, gastos correntes,...)..... 6.000,00 €.

Desglose por anualidades:

Anualidade 2016: 28.000,00 €

Anualidade 2017: 28.000,00 €

Esta desagregación poderá sufrir lixeiras variacións, que só serán admitidas pola Dirección Xeral de Inclusión Social cando esta estime que estas non comprometen a finalidade do programa e non impiden ou dificultan a boa marcha do servizo, cubrindo os gastos esenciais.

En todo caso, a Consellería de Política Social non asumirá ningún gasto que exceda do orzamento indicado, asumindo a entidade conveniente os demais gastos.

O pagamento realizarase previa presentación da factura correspondente, unha vez acreditada a realización completa das tarefas de cada anualidade orzamentaria. A documentación correspondente á anualidade 2016 deberá achegarse, como máximo o día 16 de decembro de 2016 e a correspondente a 2017 o 17 de abril de 2017.

QUINTA: Seguimento e avaliación

Créase unha Comisión Mixta Paritaria para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, que estará integrada por dous representantes da Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Inclusión Social e por un representante de Emaús Fundación Social.

Esta Comisión Mixta presidida por un dos representantes da Consellería de Política Social, velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e reunirse cando así o solicite algunha das partes, e cando menos unha vez durante o período de vixencia do convenio.

SEXTA: Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, entendendo os seus efectos dende a dita data e ata o 31 de maio de 2017, sen prexuízo do previsto na cláusula segunda.

SÉTIMA: Réxime xurídico e resolución de controversias.

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e, no non previsto, aplicaránselle os principios no Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se

aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Conselleira de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra eles recurso potestativo de reposición ante a Conselleira de Política Social, nos prazos establecidos na norma reguladora do procedemento administrativo. Así mesmo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

OITAVA: Publicación en rexistros

Emaús Fundación Social consinte que se inclúa e faga pública o presente convenio, de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006.

Así mesmo, este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

NOVENA: Confidencialidade dos datos

Ambas partes garantirán a total confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución do presente convenio. A entidade Emaús Fundación Social obrígase ao

cumplimento da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal e, en concreto, á Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e ao Real Decreto 1720/2007, de 21 decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento de dita lei.

Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado “Relacións Administrativas coa Cidadanía e Entidades”, creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, polo que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta Consellería.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, en triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL

RESPONSABLE TERRITORIAL EN
GALICIA E APODERADA DE EMAÚS
FUNDACIÓN SOCIAL

Asdo.: José Manuel Rey Varela

Asdo.: Juncal Blanco Granado